

PLAN DIXITAL

AMENCER - ASPACE

28 JUN. 2022

Núm. Registro: 15599

SALIDA

CEEPR AMENCER ASPACE VIGO

[Versión 1.0_ xuño 2022]



Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEEPR Amencer-ASPACE Vigo, é un Colexio de Educación Especial concertado coa Consellería de Educación, especificamente dedicado á atención integral do alumnado con parálise cerebral e patoloxías afíns, que asiste a unha poboación comprendida entre os tres e vinte un anos de (en total 15 alumnos e 6 mestres/as no curso 2021/2022).

Está localizado na rúa Camiño Arieiro 144-146, CP:36313 en Vigo e a titularidade do colexio pertence á Asociación Amencer. A web da asociación é: <http://amencer-aspacespace.org/>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O proxecto do Centro de Atención Integral no que se integra o CEEPR Amencer- Aspace de Vigo, sitúa a tecnoloxía como eixe vertebral das intervencións socio educativas que realiza, tendo en conta o modelo de transformación dixital. Concibimos as TIC como un medio para que o noso alumnado aprenda, participe e se comunique.

Deste xeito no centro contamos con moitos recursos dixitais nas aulas e nos distintos espazos de traballo.

Tendo en conta os recursos dixitais cos que contamos na intervención diaria co noso alumnado, as TIC forman parte das nosas programacións e dos distintos Plans de actuación e teñen, por tanto, un gran protagonismo na nosa Programación Xeral Anual. Ben sexa como recursos materiais, así como na necesidade de formación do noso profesorado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Unha vez tivemos o primeiro contacto co noso mentor por parte da Consellería de Educación, para levar a cabo o proceso de elaboración do Plan Dixital encargouse da coordinación o mestre encargado da dinamización TIC no colexio, coordinado a súa vez sempre coa Dirección do centro. Informouse o claustro de profesores do inicio deste proceso e solicitóuselles a súa colaboración para cubrir cada unha das fases do proceso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CAI Amencer no que se ubica o CEEPR AMENCER ASPACE Vigo, ten unha moi boa infraestrutura dixital. Existe conectividade sen fíos en todos os espazos do centro.

Todas as aulas e demais espazos de uso educativo e asistencial están dixitalizadas. Contamos en xeral cos seguintes recursos:

- Recursos TIC en todas as aulas: ordenadores, rato adaptado, brazos articulados, pulsadores variados, comunicadores sinxelos e complexos, botóns gravadores, software educativo e programas interactivos diversos, pantallas táctiles, pizarras dixitais ...
- Produtos de apoio para acceso á comunicación e aos contidos
- Impresora e scanner 3d
- Proxectores e recursos de estimulación sensorial na aula multisensorial.

Na actualidade non temos unha páxina web específica do colexio, aínda que a nosa entidade si que ten un dominio e fai uso ademáis de redes sociais (Facebook e Instagram) nos que se proxectan actividades e proxectos educativos que se levan a cabo no colexio.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: información do **resumo das áreas** do informe SELFIE da nosa etapa educativa.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	3.3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.6				

	Alumnado				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4			
	Profesorado	3.5			
	Alumnado	4.3			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.8			
	Profesorado	3			
	Alumnado				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.6			
	Profesorado	2.6			
	Alumnado	2.4			

TEST CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
CENTRO	2	6	33%

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
PRI	92	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Integrador/a (B1)	1	50%
Experto/a (B2)	1	50%
TOTAL	2	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Alta cantidade de recursos e equipamento tecnolóxico adaptado ás necesidades do alumnado - Conexión a internet 	Alto custe das adaptacións (tanto físicas como de software) e da tecnoloxía necesaria para dar resposta ás necesidades do noso alumnado,
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Alta implicación do profesorado no emprego das TIC - Atención especializada e individualizada = respostas máis adaptadas a las necesidades dos alumnos. - Existe unha traxectoria profesional contrastada no tempo no uso das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> - Existe unha necesidade continua de formación, debido á evolución dos propios recursos e a aparición de novas ferramentas. - Moita carga de traballo que impide en moitas ocasións destinar tempo á planificación no uso das TIC
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Bo funcionamento dos equipos transdisciplinares. - Alta implicación de todos os profesionais no manexo das TIC e alta crenza nas ventaxas do seu emprego 	<ul style="list-style-type: none"> - Existe unha necesidade continua de formación, debido á evolución dos propios recursos e a aparición de novas ferramentas. - Moita carga asistencial e de traballo no persoal non docente que impide en moitas ocasión xeralizar o emprego das distintas ferramentas.
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Existe un alto grao de motivación do alumnado cara a utilización das TIC. - As TIC facilitan o acceso á comunicación do alumnado que precisa de SAC. 	<ul style="list-style-type: none"> - Grave afectación cognitiva, física e de saúde do noso alumnado. - Necesidade de adaptación e individualización para dar resposta ás necesidades que presentan. - Importante taxa de absentismo escolar por temas de saúde e mesmo de mortalidade.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Implicación moi alta das familias coa liña de traballo do colexio. - Comunicación diaria e fluida entre as familias e os profesionais. - Boa receptividade das propostas en materia de TIC e SAC. 	<ul style="list-style-type: none"> - As familias están saturadas debido ao alto grao de dependencia dos seus fillos/as e a esixencia derivada da atención dos coidados que precisan. - Necesidade de formación continua.
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - Modalidade de escolarización combinada - Banco de produtos de apoio 	<ul style="list-style-type: none"> - Hai proxectos que se viron paralizados por mor da pandemia.

		<ul style="list-style-type: none"> - SAC 	<ul style="list-style-type: none"> - Hoxe en día existe moi poca difusión da labor educativa que realizamos nos nosos centros en relación ao uso das TIC.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Existe una metodoloxía baseada no enfoque transdisciplinar, tanto Mes-tres/as, fisioterapeutas e Logopedas traballan de forma conxunta. - Aulas reducidas e atención individualizada - Comunicación constante e fluida entre os membros do equipo trans-disciplinar para dar a coñecer as pautas de traballo co alumnado 	<ul style="list-style-type: none"> - Organización baseada na intervención directa/ horario lectivo e tempo insuficiente por momentos, para o traballo non lectivo.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Apoio a dixitalización 	<ul style="list-style-type: none"> - Carga burocrática excesiva - A documentación non está adaptada a nosa poboación
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Lei de protección de datos 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de recoñecemento legal de categorías profesionais necesarios na intervención no noso alumnado. - Recoñecemento dos centros específicos con consideración das súas características propias e diferenciaciáis - Ratios moi desproporcionadas tendo en conta as necesidades do alumnado con PC e afíns.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - Moi boa ubicación do colexio, nos arredores da cidade 	<ul style="list-style-type: none"> - A nosa realidade non é suficientemente coñecida
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Existe unha boa colaboración con entidades que apoian á nosa labor (Fundación Amancio Ortega, Fundación Carrefour...) - Existe unha boa relación e comunicación fluida cos colexios nos que temos alumnado en combinada. 	<ul style="list-style-type: none"> - Debido a nosa recente creación como colexio, non temos aínda moita relación con outros centros educativos da contorna

3. Plan de Acción

O proxecto dixital do CEEPR Amencer ASPACE Vigo será unha ferramenta que integre o emprego das TIC no proceso de ensino aprendizaxe, entendido dende o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do noso alumnado con grandes necesidades de apoio.

É fundamental dar un enfoque de centro ao uso dos recursos dixitais e que todos os membros da comunidade educativa os empreguen con criterio e coherencia dentro da súa práctica educativa.

Este documento terá moito peso no Proxecto Educativo, e na Programación Xeral Anual.

Mediante o presente plan, preténdese:

- Avaliar a situación dun centro educativo con relación ao uso da innovación e as TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o Plan anual dixital como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partimos dos datos que se desprenden sobre todo dos cuestionarios SELFIE, tendo en conta a maior participación do profesorado no mesmo e que o informe global do test CDD non nos aporta demasiada información para a elaboración do DAFO e do Plan Dixital.

Dos datos que se desprenden do DAFO se comproba que temos unha fortaleza indiscutible, como é a gran dotación tecnolóxica tanto nas aulas como en todos os espazos de traballo co alumnado. No caso do noso colexio é máis importante o tema da **formación** do profesorado e demais axentes da comunidade educativa con respecto ao efectivo emprego destas ferramentas na nosa intervención educativa e rehabilitadora. Para iso, debemos procurar formadores externos, tanto no CFR de Vigo como en outras empresas, que se poidan adaptar á nosa realidade.

Despréndese tamén a necesidade dunha mellor xestión do **tempo** no aprendizaxe e práctica coas devanditas ferramentas dixitais. Habería que tratar de reformular os horarios para que o profesorado dispuxese dalgún tempo para experimentar e profundizar no uso das novas tecnoloxías.

Por último, se extrae tamén a necesidade da **difusión** do noso traballo diario. Debemos plantearnos darlle pulo as nosas dinámicas e intervencións por medio do uso dunha futura páxina web do centro e a mellora na relación cos centros educativos de arredor, tendo en conta a nosa xuventude nesta zona da provincia e as excepcionais condicións vividas por mor da pandemia do COVID.

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolleu a información máis relevante. A mesma táboa emprégase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Na táboa, recóllese tamén:

- Os indicadores e os seus valores de partida e de chegada, é dicir, ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos.
- As accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, e a temporización e os recursos necesarios.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Area/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo: D1. Necesidade de D.P.C.						
OBXECTIVO 1: (1)	Formar aos <u>membros</u> do claustro no uso das novas <u>tecnoloxías</u> .				Acadado	
Responsable:	Dirección e <u>Xefatura</u> do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% de profesorado que participa na formación					
Valor de partida: (3)	0% do profesorado participa na formación					
Valor previsto e data: (4)	80% do profesorado participa na formación					19/06/2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Valorar as necesidades de formación nas novas <u>tecnoloxías</u> por parte do profesorado.	Dirección	31 de <u>outubro</u> 2022	<u>Reunións presenciais cos profesionais</u> do <u>colexio</u> para definir cales son as posibilidades de formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Consultar co CFR de Vigo e con empresas externas para levar a cabo as <u>formacións</u> seleccionadas.	Dirección	31 de <u>xaneiro</u> 2023	CFR de Vigo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar a formación concertada.	Dirección	31 de <u>xuño</u> 2023	<u>Espazos e recursos materiais e humanos</u> para poder <u>levar</u> a cabo a formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Area/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos E2. Creación de Recursos Dixitais						
OBXECTIVO 2: (1)	Aprender a <u>deseñar unha</u> contorna na sala <u>multisensorial</u> .				Acadado	
Responsable:	Dirección e <u>Xefatura</u> do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	<u>Porcentaxe</u> de profesorado que é capaz de <u>deseñar unha</u> contorna na sala <u>multisensorial</u> .					
Valor de partida: (3)	10% do profesorado é capaz de <u>deseñar unha</u> contorna na sala <u>multisensorial</u> .					
Valor previsto e data: (4)	80% profesorado é capaz de <u>deseñar unha</u> contorna na sala <u>multisensorial</u> .					19/06/2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: <u>Deseñar un plan</u> de formación para dotar ao profesorado da <u>capacidade de deseñar unha</u> contorna na sala <u>multisensorial</u> .	Jaime Vidal Nerea Lorenzo Dirección	15 de <u>decembro</u> 2022	Tempo exclusivo para <u>deseñar</u> a formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realizar a acción formativa en grupos flexibles.	Jaime Vidal Nerea Lorenzo Dirección	30 de marzo 2023	<u>Pequenos grupos</u> horarios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: <u>Deseñar unha</u> contorna <u>multisensorial</u> por parte de todo o profesorado.	Jaime Vidal Nerea Lorenzo Dirección	19 de <u>xuño</u> 2023	Tempo para <u>deseñar</u> as contornas. Horas de <u>asesoramento</u> por parte de profesores formadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Ao tratarse dun centro concertado as necesidades de equipamento e as infraestruturas son solicitadas dende o centro educativo á propia entidade quen se fai cargo de procurar a financiación para adquirilos.

Nos comezos do curso 2021/2022 a nosa dotación material é ampla, tendo en conta a recente creación e financiación do centro integral. En todo caso, somos conscientes do relativo tempo de duración das ferramentas TIC, sobre todo polo uso diario, aínda que as empreguemos co máximo coidado, co tempo e co uso rutinario se irán deteriorando.

CEEPR AMENCER-ASPACE é un centro específico que atende a alumnado con parálise cerebral e patoloxías afíns. Presentan dificultades extensas a nivel motor, cognitivo e lingüístico polo que a nosa intervención se desenvolve nas áreas de comunicación, perceptivo-cognitiva e da interacción.

Utilizamos tecnoloxía de apoio moi concreta dirixida a tal fin, a cal permítenos adecuar a estratexia de ensinanza-aprendizaxe, na medida do posible, á diversidade funcional e cognitiva de cada un dos nosos alumnos. Xa que o que pode ser facilitador para un, pode non selo para outro.

Os dispositivos e programas que nomeamos a continuación permiten o acceso de xeito que facilita a participación do alumnado adecuándose ás súas características individuais, facilitando diferentes:

- Tipos de varrido auditivo/visual e as velocidades do mesmo..
- Tamaños das celdas..
- Tipos de acceso:: táctil ou directa, con conmutadores .ou con dispositivos de selección por mirada (eye tracker)

O alumnado utiliza sistemas alternativos de comunicación a distintos niveis dependendo das súas capacidades.

Estes sistemas facilítalle o desenvolvemento da linguaxe e permítelle acceder, a través de actividades que se levan a cabo con estas ferramentas tecnolóxicas, aos contidos curriculares adecuados ao seu nivel madurativo.

O equipamento tecnolóxico que precisamos cada curso no CEEPR AMENCER-ASPACE Vigo polo anteriormente exposto é:

1. TECNOLOXÍA MEDIA

A comunicación e as actividades apóianse en dispositivos sinxelos con gravación de mensaxes:

- **COMUNICADOR SMOOTH TALKER:** é un comunicador versátil que ofrece diversas posibilidades de reprodución de mensaxes, permite configuralo como un comunicador dunha soa mensaxe, mensaxes secuenciais ou aleatorios.
Engadindo un conmutador externo e posible usalo para seleccionar entre dúas mensaxes.

Moi útil para desenvolver, facilitando o traballo cooperativo, na aula contidos curriculares das áreas:

- Linguaxe/comunicación (fomentar a conversa, entender a pragmática da linguaxe, a sintaxe e a morfosintaxe, desenvolver vocabulario)

- Matemáticas (ampliar vocabulario matemático, concepto de orde, secuencia, seriación, cores, formas...)
- Sociais e naturais (obxectos da contorna, fenómenos atmosféricos, días da semana, meses, estacións...)

2. TECNOLOXÍA ALTA

A comunicación e as actividades curriculares apóianse a través de sistemas informáticos, normalmente PC ou TABLETAS, xunto con programas específicos.

- PANTALLAS GRANDES NAS AULAS E/OU YETITABLET PRO 43: ofrecen acceso a mais de 3 millóns de aplicacións polo seu sistema operativo Android. As pantallas grandes están fixadas nas paredes das aulas, polo que o seu uso é estático, no caso da Yetitablet, esta pódese mobilizar por todos os espazos do centro.

Son unha boa ferramenta para favorecer e desenvolver o traballo didáctico co noso perfil de alumnado.

O seu tamaño e características fan que sexa unha boa opción para o alumnado con baixa visión e habilidades motoras reducidas.

O soporte de elevación fai posible que a tablet e/ou pantalla suban e baixen á altura desexada ou colocala de xeito totalmente horizontal.

Ofertan paquetes de aplicacións específicos para educación e rehabilitación.

O seu tamaño favorece desenvolver o traballo grupal na aula e promover a interacción dos nenos/as con grandes necesidades de apoio educativo.

Facilitan unha nova vía de aprendizaxe, incentivando a comunicación e a participación (xogos para apoiar a coordinación e a motricidade fina, calendario para apoiar as rutinas, promover habilidades sociais, fomentar a actividade física, estimular os sentidos, exercicios para estimular a memoria e a atención).

- Dispositivos persoais para a comunicación do alumnado: como poden ser a tablet SURFACE ou un IPAD, ambos dispositivos consisten nunha tablet robusta cun sistema operativo completo ideais como soporte para as SAAC que emprega o noso alumnado. Estas ferramentas utilízanse xunto cun programa de comunicación para favorecer que os alumnos/as poidan desenvolver a súa linguaxe e a comunicación cos demais sen problemas técnicos, cunha boa calidade de son, imaxe e rapidez.. Normalmente para o traballo comunicativo a tablet ten que incorporar o sistema de acceso que pode ser un pulsador ou eye tracker e necesita conexión por USB. Son útiles durante toda a xornada escolar xa que o seu fin é comunicativo.
- Software para a comunicación como poden ser o GRID 3, o PROLOQUO2GO, ou o TD SNAP entre outros. Consisten nun software que serve para comunicarse de xeito eficaz e desenvolver a linguaxe; é necesario para o noso alumnado que non fala de xeito oral ou teñen moitas dificultades para facelo de xeito eficaz. Co uso do programa de comunicación aumentan as súas posibilidades de interacción.

Ofrece distintos niveis de linguaxe e vocabularios.

O seu uso pode ser a través de paquetes de pictogramas ou utilizar texto e escribir, adaptándose ás características e capacidades de cada alumno/a.

Fai posible unha interacción con éxito grazas ás voces integradas que posibilitan a comunicación cara a cara ou a distancia.

Está deseñado para persoas con necesidades de acceso complexas e dificultades de aprendizaxe.

3. TECNOLOXÍA DE ACCESO AO PC OU TABLETS DE TODO TIPO

- DISPOSITIVOS DE ACCESO VARIADOS: que permiten acceder por medio das mans ou outras partes do corpo, como poden ser ratos adaptados que permiten facer o click a través dun pulsador externo; trackball, Joysticks, ou licornios e ratos de varilla...
- CONMUTADORES INALÁMBRICOS:
 - o Simplyworks switch 125 byj + simplyworks receive
- RATO DE MIRADA: Tobii dynavox permite manexar o Pc ou a tablet coa mirada.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será dunha vez ao ano. Os aspectos a considerar inclúen, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión do plan dixital seguirá o mesmo procedemento que os demais documentos de centro, é dicir, a través dos correos corporativos da nosa intranet (servidor interno) e na páxina web asociativa (Asociación Amencer- Aspace)

